

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 25/11/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTIN

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 25/11/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18 de novembro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/4411

Vista a proposta do Servizo da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL, para o subministro de roupa de uniformidade para o persoal da Policía Local(botas, pantalóns e polos), por un importe total de 13.028,07 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4413

Dáse conta do escrito presentado por Dona Amelia Varela Artusio, en representación de ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, coa instalación dunha carpa, os días 26 de novembro e 3, 10 e 17 de decembro de 2024 para realizar unha Campaña Gol a Estigma).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da

limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/4414

Dáse conta do escrito presentado polo policía local D. Victor Bastos Rey solicitando a asignación con carácter persoal da arma CZ, serie 3220Z, con número de guía 1069748 que tiña asignada dende o seu ingreso como Policía Local e que vai ser destinada á súa destrución.

Visto o informe do Xefe Acctal. da Policía Local, a Xunta de Goberno Local, acorda acceder ao solicitado e que se realicen os trámites na Intervención de Armas da Garda Civil para realizar a transferencia da guía de pertenza de dita arma a nome do Sr. Bastos Rey.

PRP2024/4416

Dáse conta do escrito presentado polo Bloque Nacionalista Galego, solicitando autorización para ocupación de vía pública na intersección entre a Rúa Alcalde Rey Daviña e Rúa A Baldosa, o día 19 de novembro de 2024, en horario de 16:30 A 18:30 para recollida de sinaturas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/4422

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS SL a prestación do servizo dunha bolsa de vinte horas de formación a administradores para a posta en marcha da aplicación da Policía Local EUROCOP CUBE (configuración parametrización, personalizacións etc, para o correcto funcionamento da aplicación), por un importe total de 1.694,00 e (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22799, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4423

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa AMBISER INNOVACIONES SL o servizo de reparación in situ do audio do sistema de gravación de plenos, así como a instalación dun novo micro por un importe total de 1.105,26 €

(IVE incluído), con cargo á partida 9201.216, de conformidade co orzamento presentado. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4468

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización vertical (R-302) na confluencia da Rúa da Lomba con Rúa Pepin, tal e como está na Rúa Alta coa citada Rúa Pepín, de xeito que os vehículos da Rúa Lomba non xiren á dereita e vaian circulando por unha vía dun só sentido circulatorio. Ao mesmo tempo, debe colocarse correctamente o sinal de entrada prohibida da rúa Vella con Pepín.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2024/4500

Dáse conta de Resolución de Portos de Galicia de autorización ao Concello para realizar as actuacións de traslado de marquesiña na Zona Portuaria de Vilaxoán, de conformidade coa solicitude do concello, conforme ao descrito na documentación técnica achegada, para o traslado da marquesiña a unha parcela mais axeitada, xa que a localización actual supón un obstáculo durante as festividades locais, sendo necesario desmotala cada ano. A actuación contribúe a mellorar as condicións dos usuarios da parada de autobús xa existente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

RECURSOS HUMANOS

PRP2024/4444

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de outubro de 2024, por un importe total de 10.275,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓNS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	3	x 50,00 €	1275,00 €
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1125,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1125,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1125,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	2	x 50,00 €	250,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	2	x 50,00 €	625,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	575,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	525,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	525,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	525,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	525,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	525,00 €

D ^a ROSA M ^a ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	4	x 50,00 €	725,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	3	x 50,00 €	675,00 €
TOTAL							10275,00 €

PRP2024/4445

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de outubro de 2024, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL		7.700,00 €		

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/4476

Con data 21/10/2024 aprobouse en Xunta de Goberno Local, o gasto para a formación do curso “o informe social de vulnerabilidade económica e social nos desfiuzamentos”.

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1- O Recoñecemento da obriga por importe de 819,00€ a que ascende o importe do curso.
- 2- Facer efectivo o pago do curso por importe de 819 Euros a TS FORENSE S. COOP. MAD. con NIF: F67787598 correspondente a factura nº PF103/24, no nº de conta bancaria ES32 2100 7027 5102 0000 3338, sendo imputable á partida de formación do proxecto PLAN CONCERTADO-2024/3/CCRTE/1/1 con cargo á partida 231.16200.

EMPREGO

PRP2024/4425

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O obxecto do presente contrato e o subministro para a "Adquisición e instalación de pantallas

informativas na Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa".

O orzamento base de licitación ascende á cantidade máxima de 12.500,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE de 2.625,00 € (21%), dando un orzamento de licitación de 15.125,00 €.

Solicitaronse orzamentos ás seguintes empresas:

- DIPETRINTA SL
- ABINCO DIGITAL SL
- INNDIGITAL SL

Transcorrido o prazo concedido a efectos de remisión de ofertas, unicamente a empresa DIPETRINTA S.L. remitiu proposta, da que se deu traslado ao Xefe do Servizo de electricidade e iluminación público do Concello de Vilagarcía para emisión de informe, no que fai constar o seguinte:

Revisada a oferta remitida pola empresa, emítese a valoración seguinte:

Criterios a valorar	
Precio	10 puntos
Mejora plazo garantía	0 puntos
Mejora incremento lúmenes	0 puntos
Mejora plazo suministro	0 puntos
TOTAL	10 puntos

Unha vez revisada a proposta, tendo en conta que a mesma se axusta aos criterios de adxudicación, tanto en canto ás prescricións técnicas solicitadas, como prezo e prazos de entrega e resultando por tanto a máis vantaxosa en relación calidade-prezo para a administración contratante, procede a adxudicación do contrato á empresa DIPETRINTA SL, nos termos que constan na proposta e orzamento remitidos.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto e a adxudicación do presente contrato de adquisición e instalación de pantallas informativas na Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, á empresa DIPETRINTA S.L. NIF B94141025, por contía de 14.811,61 €(IVE incluído), de conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida 4311.6270018.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/4477

Pola Directora do Conservatorio Profesional de Música, dáse conta á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Da documentación remitida á Xefatura Territorial, Servizo Territorial de Inspección Educativa e á Sra. Inspectora da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e sinalada nos apartados primeiro e segundo do informe. Achégase copia do (Documento de organización do Centro DOC), da Programación Xeral Anual, listados, estatísticas e cadros de profesorado para o curso 2024-2025.

Segundo.- Dos horarios de traballo do profesorado do Conservatorio Profesional de Música para o curso 2024-2025 dos dezaseis profesores do centro, tal e como figura no apartado terceiro do informe, achegándose copia dos mesmos dentro do DOC.

Terceiro.- Da asignación de tarefas de Coordinadores dos cinco Departamentos Didácticos para o curso 2024-2025 a cinco profesores do centro que conforman, xunto coa Directora e a Xefa de Estudos, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e que figuran na Programación Xeral Anual (PXA) do centro para o curso 2024-2025.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2024/4473

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude quere organizar dous obradoiros interxeneracionais de cociña de postres, nas vacacións de nadal, para acadar o obxectivo principal que é o de favorecer actividades interxeneracionais para facilitar espazos de encontro e intercambio de experiencias entre os nenos/as participantes nas actividades da man dos seus familiares maiores (avós/avoas etc.)

Esta actividade de cociña “Nadalchef” pretende mellorar a interacción e cooperación entre nenos/as e maiores a través do intercambio de experiencias e coñecemento mutuo favorecendo o entedemento entre diferentes grupos de idade.

Trátase da realización de dous obradoiros de cociña de postres de nadal nos que se elaborará e degustará postres confeccionados con produtos frescos que conterán, nesta edición, cereais ecolóxicos e froitos, xenxibre e canela, entre outros, para a realización de tres receitas de postres tradicionais da cultura popular de nadal dalgúns países da contorna.

A actividade está dirixida a 15 nenos/as de entre 6 a 11 anos que veñan acompañados preferentemente polo seu avó/ avoa, pai/nai ou familiar, maior de idade, autorizado por estes, (1acompañante por neno/a).

Lugar de realización de “Nadal Chef” 2024: Praza da Independencia de Vilagarcía

Datas: Sábado 21 e sábado 28 de decembro de 2024

Horario: de 11.30 a 12.30 h

Prazas: 30 por Obradoiro (15 nenos/as e 15 avós/avoas preferentemente)

A inscrición realizarase o propio día, no obradoiro, e por orde de chegada.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da citada actividade e a adxudicación da mesma á Empresa Eirado da Leña SL con CIF.: B94024817 e enderezo en Pza. da Leña nº 3 CP.: 36002 Pontevedra, por un importe total de 750,20 € (ive 21% engadido) a cargo da partida orzamentaria 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4501

Dáse conta de solicitude de instalación de diverso equipamento e material e uso da Praza de Galicia para actividades da Asociación Xuvenil AROUSA MOZA o día 30 de novembro, en horario de 11:00 a 13:30 horas:

Solicítase, así mesmo colaboración de varios departamento municipais coa instalación do seguinte material: dúas carpas, 4 mesas plegables e 10 cadeiras.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para o desenvolvemento da citada actividade así como a colaboración municipal solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Achegar, antes do comezo da actividade, o seguro de responsabilidade civil e recibo de abono do mesmo.
- Responsabilizarse do control de acceso e saída ao recinto solicitado así como do bo

desenvolvemento da actividade no relativo ao control do aforo máximo da instalación.

- Cumprir as medidas hixiénico-sanitarias vixentes en todo momento nas instalacións solicitadas e nas actividades, así como aquelas ditadas polas autoridades sanitarias competentes e a respectar, as normas municipais de réxime interior das respectivas instalacións.

- Será a cargo da entidade organizadora, calquera tipo de taxa, imposto, Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que se deriven do desenvolvemento da actividade.

- A responder dos actos que se realicen na instalación e materiais concedidos e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto. As actividades que desenvolva o grupo de participantes na actividade ou entidade organizadora non teñen cosideración de actividade propia do concello de Vilagarcía, polo que os riscos, accidentes e danos derivados das actividades que desenvolva a entidade ou grupo serán responsabilidade exclusiva da dita entidade organizadora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/4506

O pasado día 8 de novembro persoal municipal do departamento de residuos mantivo unha reunión con representantes dos locais de hostalería da zona TIR na que se acordou remitirles aos representantes dos locais alí instalados un escrito onde se recollese as normas que estes deben cumprir en materia de residuos. En resposta a este compromiso dáse conta á Xunta de Goberno Local da proposta de comunicación para a súa validación

No mes de maio do pasado ano 2023 comezou a prestación do servizo de xestión de residuos municipais baixo un novo contrato administrativo licitado e adxudicado polo Concello de Vilagarcía de Arousa, que supuxo a implantación de novos sistemas de contenerización e recollida de lixo.

O obxectivo da prestación do devandito contrato responde, entre outras cuestións, coa intención de dar debida resposta desde esta administración local á obriga lexislativa de recollida de residuos correspondente ao ámbito das entidades locais (Lei 7/1985, do 2 de abril LBRL e sucesivas), así como á de dar cumprimento ás novas esixencias normativas para a xestión de residuos que se implementaron nos últimos anos, tanto a nivel autonómico (Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia) como a nivel estatal (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

Entre as consideracións máis relevantes da mencionada Lei 7/2022, inclúense as seguintes:

- A prevención e a redución da xeración de residuos e dos impactos adversos da súa xeración e xestión, e en última instancia, protexer o medio ambiente e a saúde humana e efectuar a transición a unha economía circular e baixa en carbono con modelos empresariais, produtos e materiais innovadores e sostibles. Especial atención ao impacto de determinados produtos de plástico na saúde humana e no medio ambiente.
- O reforzo da recollida separada, cuxa obrigatoriedade para algunhas fraccións de residuos esténdese a todos os ámbitos, non só aos fogares, se non tamén ao sector servizos ou comercios, co fin de permitir o reciclado de alta calidade e estimular a utilización de materias primas secundarias de calidade.
- “O produtor inicial ou outro posuidor de residuos está obrigado a asegurar o tratamento adecuado dos seus residuos...”(artigo 20.1). “O produtor inicial ou outro posuidor de

residuos comerciais non perigosos deberá separar en orixe e xestionar os residuos de conformidade coas obrigas establecidas no artigo 25, e acreditar documentalmente a correcta xestión ante a entidade local” (artigo 20.3).

De acordo co anterior, deberá ter en conta as seguintes indicacións e boas prácticas para unha correcta xestión dos residuos procedentes da súa actividade e dar cumprimento á normativa vixente:

Os residuos deberán separarse previamente no interior do establecemento e depositarse correctamente diferenciados nos colectores correspondentes a cada fracción:

Envases lixeiros: cor amarela

Papel e cartón: cor azul

Vidro: iglú cor verde

Fracción orgánica: cor marrón

Fracción resto/non reciclable: cor gris

En caso de que na súa actividade se produzan residuos orgánicos (restos de alimentos, froitas, pousos de café, restos vexetais, etc), pode solicitar no concello o material necesario para a separación e unha tarxeta electrónica para apertura do colector correspondente a esta fracción (marrón), de acceso restrinxido.

As bolsas de cada fracción de residuos deberán depositarse pechadas no interior dos colectores, nunca no exterior, co fin de evitar suciedade, cheiros, atraer animais, etc.

En caso de precisar mais medios para o depósito de residuos, como maior dotación de colectores de recollida selectiva, ou colectores de pequeno tamaño para o traslado dos residuos dende os establecementos, poderán solicitalo ao Concello.

Así pois, solicítase o traslado desta información ao persoal da empresa responsable da xestión de residuos para proceder a realizar as accións pertinentes de cara a cumprir coas obrigas e responsabilidades asociadas á xestión dos residuos xerados nestes centros.

Agradecemos a colaboración e comunicámos que pode consultar toda a información relativa a residuos na páxina web medioambiente.vilagarcia.gal

Xuntase tríptico informativo sobre a correcta separación de residuos.”

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

COMUNICAR aos titulares DOS LOCAIS DE HOSTALERÍA DA ZONA TIR no Porto de Vilagarcía de Arousa o exposto e SOLICITAR que procedan a realizar as accións pertinentes para cumprir coas obrigas e responsabilidades asociadas á xestión dos residuos xerados nestes centros.

PRP2024/4510

O pasado día 8 de novembro persoal municipal do departamento de residuos mantivo unha reunión con representantes da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa para tratar o tema do servizo de recollida de residuos das empresas ubicadas no ámbito portuario e na que se acordou remitirles aos titulares alí instalados un escrito onde se recollese as normas que estes deben cumprir en materia de residuos. En resposta a este compromiso remítese á Xunta de Goberno Local a proposta de comunicación para a súa validación

No mes de maio do pasado ano 2023 comezou a prestación do servizo de xestión de residuos municipais baixo un novo contrato administrativo licitado e adxudicado polo Concello de Vilagarcía de Arousa, que supuxo a implantación de novos sistemas de contenerización e recollida de lixo.

O obxectivo da prestación do devandito contrato responde, entre outras cuestións, coa intención de dar debida resposta desde esta administración local á obriga legislativa de recollida de

residuos correspondente ao ámbito das entidades locais (Lei 7/1985, do 2 de abril LBRL e sucesivas), así como á de dar cumprimento ás novas esixencias normativas para a xestión de residuos que se implementaron nos últimos anos, tanto a nivel autonómico (Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia) como a nivel estatal (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

Entre as consideracións máis relevantes desta última, recóllense as seguintes observacións:

- Segundo o Artigo 2, considéranse residuos municipais:

1.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada de orixe doméstica, incluídos papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos os colchóns e os mobles.

2.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, cando eses residuos sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.

Os residuos municipais non comprenden os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de sumidoiros e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil nin os residuos de construción e demolición.

- A mencionada Lei 7/2022 ten entre os seus obxectivos a prevención e a redución da xeración de residuos e dos impactos adversos da súa xeración e xestión, en última instancia, protexer o medio ambiente e a saúde humana e efectuar a transición a unha economía circular e baixa en carbono con modelos empresariais, produtos e materiais innovadores e sostibles.

- Así mesmo, esta lei ten por finalidade previr e reducir o impacto de determinados produtos de plástico na saúde humana e no medio ambiente, con especial atención ao medio acuático.

- “O produtor inicial ou outro posuidor de residuos está obrigado a asegurar o tratamento adecuado dos seus residuos...” segundo o artigo 20 da mencionada norma.

Asemade, as actividades industriais e económicas que se desenvolven na zona do peirao comercial, atópanse localizadas dentro do ámbito competencial do Porto de Vilagarcía, dependente de Portos do Estado. É obxecto desta administración o control, xestión e regulación da actividade económica e administrativa comprendida dentro do seu ámbito competencial, entre o que se incluíría a adecuada xestión dos diferentes procesos de toda actividade produtiva. En último termo, será responsabilidade de cada produtor/empresa concesionaria a xestión dos residuos procedentes da súa actividade industrial e/ou portuaria, tal como obriga a normativa vixente.

De acordo co anterior, comunícase que a partir do día 1 de decembro, o Concello de Vilagarcía unicamente recollerá e xestionará os residuos asimilables a domésticos (non industriais) que sexan depositados nas novas illas de colectores de carga lateral instaladas dentro do recinto do peirao comercial, quedando sen utilidade os antigos colectores de rodas de cor verde.

Estes residuos deberán depositarse correctamente diferenciados nos colectores correspondentes a cada fracción:

Envases lixeiros: cor amarela

Papel e cartón: cor azul

Vidro: cor verde

Fracción orgánica: cor marrón

Fracción resto/non reciclable: cor gris

En caso de que na súa actividade se produzan residuos orgánicos (restos de alimentos, froitas, pousos de café, restos vexetais, etc), pode solicitar no concello o material necesario para a

separación así como unha tarxeta electrónica para apertura do contedor correspondente a esta fracción (marrón), de acceso restrinxido.

Así pois, solicítase o traslado da presente notificación ás empresas concesionarias con actividade na zona portuaria (peirao comercial) para que procedan a realizar as accións pertinentes para cumprir coas obrigas e responsabilidades asociadas á xestión dos residuos xerados nestes centros.

Agradecemos a súa colaboración e comunicámoslle que pode consultar toda a información relativa a residuos na páxina web medioambiente.vilagarcia.gal.

Xuntase tríptico informativo sobre a correcta separación de residuos.”

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar ao Porto de Vilagarcía-Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa o anterior e SOLICITAR que procedan a realizar as accións pertinentes para cumprir coas obrigas e responsabilidades asociadas á xestión dos residuos xerados nas empresas ubicada sno Porto de Vilagarcía de Arousa.

TURISMO

PRP2024/4417

A Xunta de Goberno Local do 4/11/2024 acordou a celebración da Media Maratón Concello de Vilagarcía de Arousa, Campionato Galego 2024, que será organizada entre a Fundación de Deportes e o Concello, cun presuposto total de 13.657,65 €.

No mesmo acordo establécense os gastos que corresponden a cada unha das partes e as partidas presupostarias que os financian. O total a cargo do Concello ascende a 12.647,82

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación dos gastos que asume o Concello en relación cos seguintes provedores:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE (IVE ENGADIDO)	PARTIDA
Organización e dirección da carreira	FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO	4.257,42	432.22610
Seguro accidentes atletas no federados	FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO	640,00	920.224
Camisetas agasallo aos participantes	FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO	2.362,50	912.22601
Avituallamentos	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	537,71	912.22601
Aluguer de 200 valados	BAYGAR SL	1.282,60	432.22610
Seguro de accidentes para os voluntarios	(sen determinar)	65,00	920.224
Servizo de ambulancia	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.	1.850,00	135.22799
Trofeos	DEPORTES RODAS VILAGARCIA SL	540,30	912.22601
Speaker	(sen determinar)	250,00	432.22610
Premios en metálico	(sen determinar)	600,00	432.489
	TOTAL	12.385,53	

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4488

Na Xunta de Goberno Local do 11/11/2024, douse conta da subvención concedida a este concello ao abeiro da ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto, para o proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA NA RUTA MARIÑEIRA DE VILAXOAN A CARRIL, por importe total de 42.039,44 €, e cunha porcentaxe subvencionable do 100%.

Propónse agora á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte memoria de execución do proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA NA RUTA MARIÑEIRA DE VILAXOAN A CARRIL
MEMORIA

O que se pretendeu foi promover a gastronomía cos produtos que máis definen o mar polo que descurre a Ruta Mariñeira de Vilaxoán a Carril. Eses produtos son fundamentalmente o mexillón, a zamburiña, a sardiña, a ameixa e o berberecho.

Na 1ª planta da praza de abastos de Vilagarcía impartíronse 11 obradoiros de COCIÑA DA RÍA, 1 cada semana, o primeiro o 12/09 e o último o 21/11, dirixidos ao público en xeral, e impartidos por Xoanqui Ameixeiras, que xa é coñecido e seguido por numeroso público. Cada día, o grupo acompañado polo cociñeiro, fixo unha visita á praza de abastos para facer a compra para a elaboración prevista para ese día.

No mesmo espazo tamén se impartiron 5 obradoiros titulados HOXE COCIÑAS CUN CHEF DA VILA, no que Xoanqui Ameixeiras contou, para cada un deles, coa colaboración dun chef vilagarcían, que mostrou as súas artes na elaboración nunha das súas especialidades. Foron os seguintes: Richard Santamaría (La Malquerida), José Dieste (Derby), Carmen Armas (Pepe Quilé), Rubén García (CEIP A Lomba) e Marcela Diz (cociñeira e formadora). O primeiro celebrouse o 20 de setembro e o último, o 21 de novembro.

Coas recetas elaboradas en todos eses días editouse un recetario, cunha tirada de 500 exemplares,

Nese mesmo local 2 cociñeiros de recoñecida traxectoria impartiron, para os hostaleiros de Vilagarcía, un Obradoiro de Cociña de Produtos da Ría. O primeiro foi a cargo de Diego López (La Molinera) e o segundo, de Iñaki Bretal (Eirado da Leña).

Para acercar a actividade a máis xente e ademais resaltar a singularidade mariñeira de cada lugar, realizáronse tamén showcookings en Vilaxoán, na praza de abastos, e en Carril, na lonxa. En Vilaxoán a cargo de Xosé Magalhaes (Ceibe) e en Carril, Iago Pazos (Loxe Mareiro). Nos dous casos houbo animación nas rúas e no propio local, a cargo da compañía de Nelson Quinteiro. E en Carril, un taller de manualidades e artesanía sobre o marisqueo, impartido por a Asociación Amarcarril.

A finalidade destes obradoiros e showcookings foi poñer en valor ese patrimonio inmaterial marítimo-pesqueiro que é a gastronomía do produto local, que contribuirá a un reforzo da identidade territorial. Ademais serviron para unha actualización ou intercambio de experiencias entre os profesionais da cociña, o que sen dúbida, contribuirá o poñer máis en valor e facer máis atractivas as súas elaboracións.

Realizouse tamén a intervención que estaba prevista para para o embelecemento da ruta, que agora é Sendeiro Azul. No entorno do Rial, colocouse unha sinal en aceiro cortén que indica a dirección e distancia, 51 km., a Santiago, seguindo a Variante Espiritual do Salnés. Esta zona é a entrada en Vilagarcía e permite facer unhas excepcionais fotos da ría. O lugar elixido para a instalación foi onde o camiño, en O Rial, se desvía da estrada, coa intención de que calquera que pase no seu vehículo hacia Vilagarcía recorde que por alí vai o Camiño cara a Santiago.

E no parque do Preguntoiro, que está continuo á praia do mesmo nome e galardoadada coa Bandeira Azul, instaláronse 3 estatuas, tamén de aceiro cortén: unha dun mexillón, outra dunha sardiña e outra dun pescador, que embelecerán o lugar.

Carlos Crespo fixo a divulgación e promoción deste proxecto nas súas distintas seccións ou apartados e unha campaña en medios dixitais.

As actuacións correspondentes, realizadas neste proxecto son:

Importe Total	Programa	Económica	Provedor	Texto Explicativo
4.755,30	432	22799	FORJAROUSA, S.L.	SILUETAS (PROYECTO GALP RESPONSABLE DE COMPRAS:

				SERVICIO DE TURISMO)
3.960,00	432	22610	QUINTEIRO ROA, NELSON	Rect. Emit- 039 / DINAMIZACIÓNS ESCÉNICAS DE RÚA E REPRESENTACIÓNS DE MÚSICA E DANZA NO CONTEXTO DE FESTAS GASTRONÓMICAS
1.450,00	432	22610	ASOC. MARISCADORAS A PE DE CARRIL	Talleres de Artesanía realizado el 17/10/2024
14.356,65	432	22610	CRESPO GOMEZ, CARLOS	OBRADOIROS, RECETARIOS E CAMPAÑA DE PUBLICI. PARA O PROXECTO ""PROMOCIÓN GASTRONOMÍA NA RUTA MARÍNEIRA VILAXOÁN-CARRIL""
2.541,00	432	22602		
14.306,60	432	22610	ARTESA RIAS BAIXAS, S.L.	IMPARTEN LA FORMACIÓN DIEGO LOPEZ (DÍA 6) Y BEATRIZ SOTELO (DÍA 7) / MATERIAL FUNGIBLE PARA DEGUSTACIONES / MATERIAL PER
41.369,55				

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a memoria citada así como a relación de provedores que figuran na mesma.

CULTURA

PRP2024/4478

Vista a solicitude de D. David Sampedro González, en representación de ESPECTÁCULOS CANTARUXA S.L., e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o 14 de decembro de 2024 durante todo o día, para a celebración do espectáculo "LA REINA DEL HIELO", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada único de 15,00€ máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70€
- Responsable de sala: 81,60€
- Operarios (2): 163,20€
- Persoal de taquilla (2): 81,60€
- TOTAL: 591,10€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2024/4479

Vista a solicitude de Dona Tatiana Solvieva Tsvetkova, en representación de Tatiana Solovieva Producciones S.L., e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 21 de decembro de 2024, durante toto o día, para a celebración do espectáculo "LA BELLA DURMIENTE", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co

establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo único de: 20,00€ máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70€
- Responsable de sala: 137,70€
- Operarios (3): 413,10€
- Persoal de taquilla (2): 81,60€
- TOTAL:897,10€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2024/4502

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura en relación coa actividade de "Prendido de Luces de Nadal 2024", na que indica que para que este evento resulte máis atractivo para o público, sobre todo para o público infantil, ten previsto realizar a chegada de PAPÁ NOEL a Vilagarcía que coincide co prendido de luces o día 5 de decembro, complementada con distintas actividades para animar ao público familiar.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento, por un importe total de 12.140,49€ (IVE incluído), con cargo á partida 338.22609, coa seguinte desagregación:

PROVEDOR	C.I.F.	CONCEPTO	BASE	IVE	IMPORTE
PABLO JUEGUEN GARCÍA	35473888E	Organización e produción PRENDIDO DE LUCES (aluguer carroza, maquillaxe, aluguer walkies, presentador, personaxe animado, rexidor, produción e intérprete de signos)	3.720,00	21%	4.501,20€
ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL CODA	B3694069	Pasarrúas e concero	4.000,00		4.000,00€
GLOBAL SETUP SL	B94119104	Luces e son espectáculo	3.007,68€	21%	3.639,29€

Deberá terse en conta, que será a cargo do Concello de Vilagarcía de Arousa, calquera tipo de taxa, imposto ou Sociedad General de Autores e Editores (SGAE) que poidese corresponder por dita actuación.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2024/4456

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo e Mobilidade para adxudicar o contrato menor de obras denominando Plan de Implantación de Redutores de Velocidade en Viais Municipais. Plan 2024.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 28 de outubro de 2024, aprobou o proxecto

denominado “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais. Plan 2024”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 48.380,64€.

Vista a necesidade, exposta por parte da veciñanza ao Concello de Vilagarcía de Arousa, de mellorar a seguridade das persoas que transitan determinadas rúas municipais, debido á excesiva velocidade que acadan nalgúnhas delas os vehículos e ao perigo que isto conleva.

Coa finalidade de mellorar a seguridade peonil da cidade e dar resposta ás demandas veciñais anteriormente expostas, foi redactado polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, o proxecto denominado “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais”, que describe as obras necesarias para levar a cabo a implantación de redutores de velocidade e pasos de peóns elevados, coa correspondente sinalización horizontal e vertical preceptiva, en diversas rúas municipais.

Concretamente, de conformidade co recollido no documento técnico, as obras de implantación de redutores inclúen:

- Construción de redutor de velocidade lombo de asno e pasos de peóns sobreelevados, realizado en MBC tipo AC16 SUF 50/70D (D-12) de 6 cm de altura, incluso rego de adherencia, previo fresado.
- Instalación de sumidoiros e conexión á rede de Pluviais nos casos onde existe a posibilidade de acumulación de auga.
- Instalación de Sinalización vertical de Perigo Badén (P-15a)
- Instalación de Sinalización vertical advertencia perigo paso peóns (P-20)
- Instalación de Sinalización Situación paso peóns (S-13)
- Instalación de Sinalización vertical de limitación de velocidade (R-301)

As labores descritas levaranse a cabo no seguintes viais: rúa Extramuros (Carril), rúa da Sobreira (Sobrán), rúa Arealonga, rúa Escola de Solobeira, rúa da Xesteira (Sobrán), rúa Pedral (Rubiáns), rúa do Ferrocarril, rúa da Canteira, rúa 1º de Maio, Rúa Galufa e Veiga (Comazo), rúa Soutelo (Rubiáns).

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 39.984,00€ (sen IVE); 48.380,64€ (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 2 meses para a completa realización dos traballos.

Na presente proposta dáse cumprimento ao establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

1. Xustifícase a necesidade dos traballos que se adxudican
2. Non se altera o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos umbrais contemplados no artigo 118.1 da Lei 9/2017.

O presente contrato ten a consideración de obra completa, non fraccionándose o obxecto do contrato, constituíndo este unha unidade funcional. Non se está a executar ningún outro contrato co mesmo obxecto. As prestacións incluídas no documento técnico satisfacen a necesidade da celebración deste contrato.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 25, apartado d), que os municipios teñen competencias propias en infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; así como en tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade (apartado g).

No mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.

Por todo o exposto, considérase xustificada a necesidade de levar a cabo os traballos descritos na memoria de referencia, sustanciándose como contrato menor de obra, para levar a cabo o plan de implantación de redutores de velocidade nos vias municipais sinalados.

Vista a necesidade xustificada, solicitouse orzamento ás seguintes empresas, expertas no ámbito de actuación: CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., MICROASFALT, S.L. Y MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS E CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.; as cales presentaron as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.,	39.984,00€	48.380,64€
MICROASFALT, S.L.	39.984,00€	48.380,64€
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS E CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	39.865,00€	48.236,65€

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Plan de implantación de redutores de velocidade en vias municipais. Plan 2024”, á mercantil MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS E CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537), por importe de 39.865,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.371,65€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 48.236,65€, con cargo á partida orzamentaria 1530-60900.

2.- Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado “Plan de implantación de redutores de velocidade en vias municipais. Plan 2024” (CT 82/2024-e).

PRP2024/4474

Dáse conta da proposta da Secretaria Xeral para adxudicar o contrato de servizos para Asesoramento e Defensa Letrada en Procedemento Ordianrio nº337/2024:

Mediante acordo plenario, adoptado o 20 de xuño de 2024, acordouse a finalización do procedemento de liquidación derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Parking Xoán XXIII. O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o 29 de agosto de 2024, acordou desestimar o recurso de reposición interposto o día 30 de xullo de 2024 pola representación de PROINSA, contra o citado acordo plenario do 20 de xuño de 2024, polo que se acorda finalizar o procedemento de liquidación derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Parking Xoán XXIII, por non darse as causas de nulidade, nin de anulabilidade expostas por PROINSA.

Contra este acordo plenario do 29 de agosto de 2024, PROMOCIONES INMOBILIARIAS DEL PISUERGA EN LIQUIDACIÓN interpuxo recurso contencioso administrativo (Procedemento Ordinario nº 337/2024).

Con data 12 de novembro de 2024 (registro de entrada 2024015706) recibíuse oficio do Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, no que se reclama ao concello de Vilagarcía de Arousa a remisión do referido expediente de liquidación, así como o emprazamento dos interesados para a súa comparecencia no Procedemento Ordinario nº 337/2024.

Foi solicitado orzamento a Baltar Abogados y Asesores Tributarios S.L.P. en relación co asesoramento e defensa do Concello de Vilagarcía de Arousa no Procedemento Ordinario nº 337/2024, ante o xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Considerando que Baltar Abogados y Asesores Tributarios S.L.P. levou a cabo o asesoramento externo do Concello neste asunto da resolución da concesión do Parking Xoán XXIII, así como o

referido incidente concursal para a reclamación das débedas que PROINSA mantíña co concello, ambos de gran complexidade xurídica e económica e, polo tanto, a mercantil citada participou dun modo activo nas distintas fases do expediente administrativo derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo na Praza Xoán XXIII.

Propónse a aprobación do orzamento de 14.000€ (sen IVE) presentada por Baltar Abogados y Asesores Tributarios S.L.P.

O devandito importe devengarase do seguinte xeito:

1. O importe de nove mil euros (9.000€) coa presentación do escrito de contestación á demanda.
2. O importe de cinco mil euros (5.000€) coa presentación do escrito de conclusións.

Os honorarios anteriormente mencionados non inclúen os dereitos do Procurador que terá que ser designado por este concello para a súa representación ante o órgano xudicial, nin as costas ás que poda ser condenada esta administración.

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

